

Ola!!! Bo dia!!!!

A actividade de música de 2º curso é a que ven a continuación. Se tedes algunha pregunta, podedes poñervos en contacto comigo a través do abalar móbil


Os exercicios que aparecen a continuación, son para facer dende o día 30 de abril ó 8 de maio.

Espero que todos vos atopedes ben, un saúdo!!!

1.- NOTAS MUSICAIS – FIGURAS E SILENCIOS

Fai os exercicios de debuxar as notas musicais e as figuras da páxina 34 e 35, podes facelo nun folio en branco ou esperar a semana que ven para ver se xa tedes os libros e podedes facelo nos libros.

Fíxate que na páxina 35, aparece unha nota musical nova o si. A nota si pode debuxarse de dúas maneiras, como se pode ver a continuación



2.- FIGURAS E SILENCIOS

Na páxina 46 do libro, completa o exercicio 1 con figuras e silencios e realiza o exercicio 2 con palmas.

Ta-a: branca

Ta: negra

ti-ti: corcheas

shh: silencio de negra

3.- BAILA: BAILE DA CARRASQUILLA

Na páxina 40 do libro, aparece o baile e como facelo. Tamén te podes axudar do seguinte vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=NEdf19L3wP4>

En google: Baile de la carrasquilla Hinojales3 - danzas

4.- AUDICIÓN: O AMOR DAS 3 LARANXAS

Páxina 58 do libro


Para realizar esta audición colle diferentes obxectos de casa: lápices, regra, caixa pequena, tesoura,.. Cada un deses obxectos é unha froita, pera, fresa, laranxa,...

En cada letra, só podes elixir unha fila, xa que non podes tocar as dúas á vez.

Os puntos son silencios.

Mira o vídeo que che pode axudar a seguir a audición.

Esta audición, púxolle música un compositor e pianista ruso, chamado Sergei Prokofiev. Intenta debuxar a Prokofiev no cadrado.



5.- FIGURAS E SILENCIOS

<https://www.youtube.com/watch?v=9NdF4Ruf-Ts>

En google: Untown Funk (fragmento) – percusión corporal – Nerea Seijoso Rey

Acompaña esta canción con distintas partes de corpo e coas figuras que che vai marcando o vídeo

6.- PERCUSIÓN CORPORAL

Realiza os movementos que che pon o vídeo a distintas velocidades. Se o fas lento en música chámase adagio, se o fas rápido chámase allegro, e se o fas normal chámase andante.

<https://www.youtube.com/watch?v=O-I7lpAYqlA>

En google: Soco, bate, vira – Juego de percusión y concentración: Nerea Seijoso Rey

Por último, se tedes algún problema con algunha actividade preguntádeme por abalar.

Bo día a todos, un saúdo!!